

# branco e negro

Número 45 • Maio 2013



## Concurso Autonómico Subasta Top Genetic's



### Neste número...

Resumo de Actividade. Regulamentos Concursos. Resultados Poxa Santa Comba e Concurso Muimenta.  
Artigo Xenómica. Confrontación Europea. Novas...



36<sup>ª</sup>

Feira Internacional Semana Verde de Galicia

13 - 16 de xuño de 2013



FEIRA INTERNACIONAL  
Semana Verde  
de Galicia



- ▶ I Subasta Top Genetics da Federación Frisona Galega
- ▶ XXII Concurso Autonómico da raza frisona FEFRIGA 2013
- ▶ VI Concurso de Xóvenes Preparadores Semana Verde 2013
- ▶ XIX Concurso de Xóvenes Manexadores "Memorial Luis Louzao"
- ▶ Festa Holstein: acto oficial de entrega de distincións ás mellores ganderías de Galicia



[www.semanaverde.es](http://www.semanaverde.es)

[www.facebook.com/semanaverde](https://www.facebook.com/semanaverde)



XUNTA  
DE GALICIA



**Edita**

**Federación Frisona Galega**

R/ Melide, 25-27-baixo  
 15705 Santiago de Compostela  
 A Coruña • España  
 Tel.: +34 981 573 879  
 Fax: +34 981 573 775  
 mail: fefriga@fefriga.com  
 web: www.fefriga.com

**Xunta directiva de Fefriga**

Presidente  
 D. José Carlos Vega Rodríguez  
 Vicepresidente  
 D. José Manuel Madriñán Castro  
 Secretario  
 D. Manuel Antelo Vilarinho  
 Tesoureiro  
 D. Manuel Capón Rodríguez  
 Interventor  
 D. Juan Álvarez Losada  
 Vogais  
 D. Luis Seoane Labandeira  
 D. Paulino González Fernández

**Equipo editorial**

Director  
 Françesc X. Grau  
 Coordina  
 Carmen Candal  
 Fotografía  
 Silvie Gouin  
 Frisona Española  
 Arquivo propio

**Publicidade**

fefriga@fefriga.com  
 t. 981 062 476  
 m. 609 702 129

**Impresión**

Gráficas Sanpar

**Distribución**

Impacta

D.L. PO 187-1999



# sumario

Resumo Anual ..... 4

I Subasta Top Genetic's ..... 8

**Regulamentos**

XXII Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2013" ..... 10

XXIX Concurso de Xóvenes Manexadores "Memorial Luis Louzao" ..... 15

**Clube de Xóvenes Gandeiros** ..... 16

Concurso de Xóvenes Preparadores Semana Verde 2013..... 16

Resultados Poxa Santa Comba..... 18

Resultados Concurso Muimenta ..... 19


Selección xenómica ..... 20

**Novas**

Confrontación Europea da Frisona 2013..... 22

Compra conxunta de doses seminais ..... 22

Axenda 2013 ..... 22





# Libro xenealóxico 2012

## Socios e efectivos gandeiros (a 31 de Decembro)

	SOCIOS	REPRODUTORAS	REPROD./ SOCIO	TOTAL FEMIAS	FEMIAS/ EXPLOT.
A CORUÑA	1.139	72.722	64	113.103	99
LUGO	1.853	95.565	52	149.068	80
OURENSE	28	1.885	67	2.816	101
PONTEVEDRA	550	22.216	40	32.666	59
<b>GALICIA</b>	<b>3.570</b>	<b>192.388</b>	<b>54</b>	<b>297.653</b>	<b>83</b>
<b>2011</b>	3.771	195.996	52	299.261	79
<b>2012</b>	3.570	192.388	54	297.653	83
<b>DESVIACIÓN</b>	<b>-201</b>	<b>-3.608</b>	<b>+2</b>	<b>-1.608</b>	<b>+4</b>

## Estrutura das explotacións

Reprodutoras Explotacións	Ata 20		De 21 a 50		De 51 a 100		Máis de 100		Totais
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	
A CORUÑA	55	4,8	509	44,7	432	37,9	143	12,6	1.139
LUGO	140	7,6	1.034	55,8	528	28,5	151	8,1	1.853
OURENSE	3	10,7	12	42,9	10	35,7	3	10,7	28
PONTEVEDRA	74	13,5	353	64,2	104	18,9	19	3,4	550
<b>GALICIA</b>	<b>272</b>	<b>7,6</b>	<b>1.908</b>	<b>53,4</b>	<b>1.074</b>	<b>30,1</b>	<b>316</b>	<b>8,9</b>	<b>3.570</b>
<b>2011</b>	293	7,8	2.103	55,8	1.075	28,5	300	7,9	3.771
<b>2012</b>	272	7,6	1.908	53,4	1.074	30,1	316	8,9	3.570
<b>DESVIACIÓN</b>	<b>-21</b>		<b>-195</b>		<b>-1</b>		<b>+16</b>		<b>-201</b>

## Animais vivos inscritos (por categorías e porcentaxes)

	AUX. "A"	%	AUX. "B"	%	PRINCIPAL	%	Total
A CORUÑA	8.922	7,9	12.072	10,7	92.109	81,4	113.103
LUGO	9.301	6,2	14.746	9,9	125.021	83,9	149.068
OURENSE	142	5,0	171	6,1	2.503	88,9	2.816
PONTEVEDRA	2.054	6,3	3.213	9,8	27.399	83,9	32.666
<b>GALICIA</b>	<b>20.419</b>	<b>6,9</b>	<b>30.202</b>	<b>10,1</b>	<b>247.032</b>	<b>83,0</b>	<b>297.653</b>
<b>2011</b>	23.939	8,0	33.886	11,3	241.436	80,7	299.261
<b>2012</b>	20.419	6,9	30.202	10,1	247.032	83,0	297.653
<b>DESVIACIÓN</b>	<b>-3.520</b>		<b>-3.684</b>		<b>+5.596</b>		<b>-1.608</b>



## Animais rexistrados durante o 2012

	FEMIAS NACIONAIS			FEMIAS IMPORTADAS			MACHOS	TOTAL
	PPAL.	AUX. A	AUX. B	PPAL.	AUX. A	AUX. B		
<b>A CORUÑA</b>	20.882	2.095	2.162	904	165	58	70	26.336
<b>LUGO</b>	28.400	1.809	2.226	531	388	54	241	33.649
<b>OURENSE</b>	520	21	39	1	0	0	0	581
<b>PONTEVEDRA</b>	5.580	340	409	132	50	9	22	6.542
<b>GALICIA</b>	<b>55.382</b>	<b>4.265</b>	<b>4.836</b>	<b>1.568</b>	<b>603</b>	<b>121</b>	<b>333</b>	<b>67.108</b>
<b>2011</b>	53.660	5.248	5.264	2.144	632	174	331	67.453
<b>2012</b>	55.382	4.265	4.836	1.568	603	121	333	67.108
<b>DESVIACIÓN</b>	<b>+1.722</b>	<b>-983</b>	<b>-428</b>	<b>-576</b>	<b>-29</b>	<b>-53</b>	<b>+2</b>	<b>-345</b>

## 20 touros con máis descendencia rexistrada no 2012

NOME DO TOURO	Nº FILLAS
MARIO XACOBEO ET	4.174
A-L-H AMSTERDAM	2.950
GILLETTE JORDAN ET	2.394
A.L.H. DANCER ET	2.131
BOS SEIJO TALENT MAGREBI ET	2.071
BOS CID ALLEN MACIÑEIRO ET	1.436
JENNY-LOU MRSHL TOYSTORY ET	1.394
GILLETTE WINDBROOK ET	1.191
MANTOÑO DUNO	1.115
ALH ELEGANT	1.045
BOS O-BEE MANFRED ORDES ET	1.041
BOS BOLIVER BOER ET	795
BOS REGGIE REDENTOR ET	766
PINE-TREE SID ET	744
STANTONS STEADY ET	707
R-E-W BUCKEYE ET	624
COMESTAR GOLDWYN LAUTAMIC ET	606
O-MAN END-STORY	565
ENGLAND-AMMON MILLION ET	560
SCHILLVIEW OMAN GERARD ET	545

## Touros con máis descendencia acumulada, a 31 de Decembro

NOME DO TOURO	TOTAL FILLAS
MARIO XACOBEO ET	14.384
BEAUCOISE WIND SULTAN ET	14.351
BOS RUDOLPH LANDOI ET	13.659
R-E-W BUCKEYE ET	12.846
BOS BLACKSTAR LEREZ ET	12.503
A.L.H. ELEGANT	12.496
COMESTAR LEE ET	10.984
BOS EMORY FONTANS ET	9.653
A.L.H. DANCER	9.090
BOS MASON LOURO ET	8.457
BOS JAMES CHAMOSO ET	8.384
STARTMORE RUDOLPH ET	6.980
BOS CID ALLEN MACIÑEIRO ET	6.763
DIXIE-LEE AARON ET	6.486
COMESTAR LHEROS ET	6.418
EDGEMONT WADE 2365 SIX ET	6.108
MAUGHLIN STORM ET	5.780
CASTRO BLITZ LUCUS	5.645
LADINO PARK TALENT IMP ET	5.298
A TOWNSON LINDY ET	5.175



# Cualificación

## Femias cualificadas no 2012 por categorías

	EX	MB	BB	B	R	IN	RA Aptas	TOTAL
<b>A CORUÑA</b>	4	396	5.126	8.653	1.325	53	1.673	<b>17.230</b>
<b>LUGO</b>	17	603	7.496	11.129	1.749	66	1.968	<b>23.028</b>
<b>OURENSE</b>	0	7	155	225	21	1	20	<b>429</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	3	157	1.708	2.561	305	7	379	<b>5.120</b>
<b>GALICIA</b>	<b>24</b>	<b>1.163</b>	<b>14.485</b>	<b>22.568</b>	<b>3.400</b>	<b>127</b>	<b>4.040</b>	<b>45.807</b>
<b>NACIONAL</b>	182	5.174	48.959	64.622	8.804	302	12.169	<b>140.212</b>

## Por grupos e % de vacas cualificadas

	BB e +		B		R e -		APTAS		TOTAL
	Animais	%	Animais	%	Animais	%	Animais	%	
<b>A CORUÑA</b>	5.526	32,1	8.653	50,2	1.378	8,0	1.673	9,7	<b>17.230</b>
<b>LUGO</b>	8.116	35,2	11.129	48,3	1.815	7,9	1.968	8,6	<b>23.028</b>
<b>OURENSE</b>	162	37,8	225	52,4	22	5,1	20	4,7	<b>429</b>
<b>PONTEVEDRA</b>	1.868	36,5	2.561	50,0	312	6,1	379	7,4	<b>5.120</b>
<b>GALICIA</b>	<b>15.672</b>	<b>34,2</b>	<b>22.568</b>	<b>49,3</b>	<b>3.527</b>	<b>7,7</b>	<b>4.040</b>	<b>8,8</b>	<b>45.807</b>
<b>NACIONAL</b>	54.315	38,7	64.622	46,1	9.106	6,5	12.169	8,7	<b>140.212</b>

## Vacas cualificadas EX durante 2012

### 4EX

**PEBI VENEL 8402** BLANCO - LALIN (PO)

### 2EX

**ASUNCION GOLDWYN ROSETA** S.A.T. CASA CARBALLO 1023 XUGA - POL (LU)

**CID ROY MUESLE** SC GANDEIRIA CID - BARREIROS (LU)

**MANTOÑO TALENT RENIA** MANTOÑO HOLSTEIN - BARREIROS (LU)

**OUTEIRO GOLDWYN BEATA** SC OUTEIRO - CHANTADA (LU)

**TASIL GODWYN NEREA** SILVA - DOZON (PO)

### EX

**ASUNCION DUPLEX LIANE 1** FINCA LA ASUNCION - TOURO (C)

**XERCASPORTA NEVADA GOLDWYN** PORTALOUSA - XERMADE (LU)

**ABALUME PEGUI BOTAFOGO 34** GRANJA DE LEA - POL (LU)

**BAIXO GOLDWYN RONDA ET** CASA DE BAIXO - SARRIA (LU)

**BAIXO IVORI GOLDWYND** CASA DE BAIXO - SARRIA (LU)

**BOS MANTOÑO ALLEN GYPSY ET** MANTOÑO HOLSTEIN - BARREIROS (LU)

**BOS MR SAM LADY ET** SAT REY DE MIÑOTELO - A PASTORIZA (LU)

**CALOBRO VERT. PLASTILINA G.Z.** CASA CALOBRO - TRABADA (LU)

**MANTOÑO MORTY DUNIA ET** MANTOÑO HOLSTEIN - BARREIROS (LU)



**MANTOÑO THUNDER GALIANA** MANTOÑO HOLSTEIN - BARREIROS (LU)

**MARQUET DIURNA ROY** SC GANDEIRIA CID - BARREIROS (LU)

**PADRON 167 LANDOI** GANDEIRIA L. CORNES S.C. - VAL DO DUBRA (C)

**PERITOP GOLDWYN ELSA** PERITO - SILLEDA (PO)

**POZOSAA ROUMARE RACHELA** CASA POZO - LUGO (LU)

**REY 454 ROSITA GOLDWYN** SAT REY DE MIÑOTELO - A PASTORIZA (LU)

**SAN VICENTE DUPLEX MISTRI 480** SAT S.VICENTE DE NIVEIRO - VAL DO DUBRA (C)

**SAN VICENTE ROUMARA 685** SAT S.VICENTE DE NIVEIRO - VAL DO DUBRA (C)

**XERCAS CAV AROUSANA ROUMARE ET** CAVADAS SAT XUGA 941 - XERMADE (LU)



# Producción

## Medias de producción\*

### Vacas 1ª lactación

	Nº Lact.	Lactación Natural				Lact. Normalizada a 305 días		
		Días	Kg/L	%G	%P	Kg/L	%G	%P
A CORUÑA	16.975	368	10.395	3,75	3,27	8.764	3,69	3,21
LUGO	23.820	368	10.103	3,75	3,25	8.492	3,69	3,19
OURENSE	439	381	9.118	3,56	3,24	7.530	3,47	3,18
PONTEVEDRA	5.139	372	9.509	3,72	3,24	7.962	3,65	3,17
<b>MEDIA GALICIA</b>	<b>46.373</b>	<b>369</b>	<b>10.135</b>	<b>3,75</b>	<b>3,26</b>	<b>8.524</b>	<b>3,68</b>	<b>3,20</b>

### 2ª lactación e outras

	Nº Lact.	Lactación Natural				Lact. Normalizada a 305 días		
		Días	Kg/L	%G	%P	Kg/L	%G	%P
A CORUÑA	33.332	366	11.649	3,84	3,25	10.150	3,80	3,19
LUGO	47.142	364	11.210	3,82	3,23	9.752	3,78	3,17
OURENSE	861	372	9.878	3,58	3,22	8.532	3,51	3,16
PONTEVEDRA	11.454	371	10.630	3,80	3,23	9.172	3,75	3,16
<b>MEDIA GALICIA</b>	<b>92.789</b>	<b>366</b>	<b>11.284</b>	<b>3,82</b>	<b>3,23</b>	<b>9.812</b>	<b>3,78</b>	<b>3,18</b>

### Totais

	Nº Lact.	Lactación Natural				Lact. Normalizada a 305 días		
		Días	Kg/L	%G	%P	Kg/L	%G	%P
A CORUÑA	50.307	367	11.226	3,81	3,26	9.682	3,76	3,20
LUGO	70.962	366	10.838	3,80	3,23	9.329	3,75	3,18
OURENSE	1.300	375	9.621	3,57	3,23	8.193	3,50	3,17
PONTEVEDRA	16.593	371	10.283	3,78	3,23	8.798	3,72	3,17
<b>MEDIA GALICIA</b>	<b>139.162</b>	<b>367</b>	<b>10.901</b>	<b>3,80</b>	<b>3,24</b>	<b>9.383</b>	<b>3,75</b>	<b>3,18</b>

\* datos facilitados por Conafe

# BARREIRA

Tratamiento antideslizante de patios

*Un paso seguro!!*

626 25 84 44 (Iván)

608 080 528 (Manolo)



Rayado de pisos



# Avance | Subasta Top Genetic's

15 de Xuño de 2013, 17:30h.

Recinto Feiral Semana Verde - Silleda – Pontevedra

Continuando o camiño de excelencia marcado polas Subhastas Top-Bos, o vindeiro día 15 de Xuño, ás 17:30 horas e no Ring de concursos de frisón, en Semana Verde en Silleda, celebraremos a I Subasta Top Genetic's na que se porán á venda 13 extraordinarios animais, nados e criados en Galicia, procedentes das familias de vacas máis recoñecidas a nivel Nacional e Internacional.

O extraordinario lote de animais ofertados, os seus profundos pedigrees, contrastadas xenealoxías, bos índices xenéticos/xenómicos e sobresainte morfoloxía, convirten a esta primeira subasta Top Genetic's, en punto de referencia e cita obrigada para os bos criadores de frisón.



**¡Non a perdas!**



avoa: **Bos Wade Quintana ET**

## **CUNDINS CRISTIANA BRADNICK ET**

ESPH1503790665  
D.N.: 20/12/2012  
**5 XER. MB OU EX**  
Familia: **HARDTAC GINA**  
Propietario:  
**CUNORDAM, SC**  
ZAS  
A CORUÑA



Avoa: **Bos Cid Goldwyn Raquel ET**

## **CID BRAXTON RACHA**

ESPH2703735885  
D.N.: 07/11/2012  
**6 XER. MB OU EX**  
Familia: **HARDTAC GINA**  
Propietario:  
**GANDEIRÍA CID, SC**  
BARREIROS  
LUGO



Avoa: **Gold-N-Oaks S Showgirl ET**

## **SAN-RIAN SHOWGAL ZELGADIS**

ESPH1503697596  
D.N.: 06/09/2012  
**7 XER. MB OU EX**  
Familia: **DUSTER CINDY**  
Propietario:  
**SAN RIAN, S. COOP. GALEGA**  
BRION  
A CORUÑA



Avoa: **Bos Blanco Morty Valeria ET**

## **BLANCO M. PRECIOUS VALERIA**

ESPH3603688856  
D.N.: 17/07/2012  
**10 XER. MB OU EX**  
Familia: **MASCOT PRECIOUS**  
Propietario:  
**GANDEIRIA BLANCO, S.L.**  
LALÍN  
PONTEVEDRA





Avoa: **Bos Inquirer Malpica**

**MASEDA END-STORY 340 ET**

ESPH2703689578  
D.N.: 18/06/2012  
**10 XER. MB OU EX**  
Familia: **AEROFLOWER**  
Propietario:  
**LOPEZ TELLADO**  
**GAN. MASEDA, S.C.**  
POL  
LUGO



Rosario Starbuck Castellana

**TEIXEIRO WINDBROOK CLAS**

ESPH2703630321  
D.N.: 12/07/2012  
**7 XER. MB OU EX**  
Familia:  
**CASTELLANA STBUCK**  
Propietario:  
**SAT TEIXEIRO**  
A PASTORIZA  
LUGO



Avoa: **Tortue LB 4573**

**POZOSAA JERRICK 6561 MENCHA**


ESPH2703616384  
D.N.: 11/01/2012  
**3 XER. MB OU EX**  
Familia: **TORTUE**  
Propietario:  
**CASA POZO, SC**  
LUGO



Nai: **Bos San Rian Talía Airraid ET**

**SAN-RIAN TAMIRA LAUTHORITY ET**

ESPH1503593563  
D.N.: 06/11/2011  
**8 XER. MB OU EX**  
Familia: **CHIEF TARA**  
Propietario:  
**SAN RIAN, S. COOP. GALEGA**  
BRIÓN  
A CORUÑA



Avoa: **Bos Factor Antiga ET**

**TEIXEIRO TALENT DEMA ET**

ESPH2703593680  
D.N.: 04/07/2011  
**6 XER. MB OU EX**  
Familia: **SCARLETTE RED**  
Propietario:  
**SAT TEIXEIRO**  
A PASTORIZA  
LUGO



Avoa: **Bos James Lana ET**

**VILA LAUTHORITY LANA 5992 ET**

ESPH2703519722  
D.N.: 03/07/2011  
**5 XER. MB OU EX**  
Familia: **LAURIE SHEIK**  
Propietario:  
**GRANXA VILA**  
LUGO



Nai: **Baixo Duplex Maruxa I**

**BAIXO ATWOOD MARUXA I MB86 1ºp.**

ESPH2703420154  
D.N.: 18/12/2010  
**Completa 11 XER. MB OU EX**  
Familia: **MASCOT PRECIOUS**  
Propietario:  
**CASA DE BAIXO**  
SARRIA  
LUGO



Nai: **Bos O-Man Eleonora ET**

**XERCAS CAV ELENA SANCHEZ MB85 1ºp.**

ESPH2703210073  
D.N.: 04/10/2009  
**nai BB84 + 9 XER. MB OU EX**  
Familia: **LOU ELLA**  
Propietario:  
**CAVADAS SAT**  
XERMADE  
LUGO



Caseirodernes Damion Cova

**CASEIRODERNES DAMION COVA MB85 1ºp.**

ESPH2703099760  
D.N.: 13/02/2009  
**Completa 8 XER. MB OU EX**  
Familia: **ELTON GRACE**  
Propietario:  
**CASEIRO DE ERNES SAT**  
COSPEITO  
LUGO





## XXII CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA “FEFRIGA 2013”

### REGULAMENTO DO CONCURSO

#### 1. ORGANIZACIÓN

Organizado pola **Federación Frisona Galega** (Fefriga) e a **Fundación Semana Verde de Galicia**, coa colaboración das **Africores** e a **Consellería do Medio Rural e do Mar**, celebrarase o **XXII Concurso Autonómico da Raza Frisona “Fefriga 2013”**, entre os días 13 ó 16 de Xuño, nas instalacións do Recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda-Pontevedra.

#### 2. FINS

Sendo a Feria Internacional Semana Verde de Galicia, escaparate onde se expoñen e promocionan os últimos adiantos da técnica agrícola e gandeira, os fins que se persiguen coa celebración destes certames son os seguintes:

- 2.1.** Estimular aos gandeiros na cría de animais de alta calidade xenética, capaces de producir e reproducirse durante moitos anos, como medio de rendabilizar as súas explotacións.
- 2.2.** Orientar aos gandeiros sobre as tendencias actuais de selección e mellora gandeira no ámbito Internacional.
- 2.3.** Poñer de manifesto o alto nivel xenético e morfolóxico dos animais criados en Galicia.
- 2.4.** Orientar aos nosos xóvenes cara unhas correctas e rendibles tarefas de selección, proporcionándolles coñecementos básicos para desenvolver as mesmas con éxito.
- 2.5.** Promocionar as gandeirías participantes para que desta maneira poidan ocupar o lugar que lles corresponde no Mercado Nacional e Internacional de animais selectos.

#### 3. COMISIÓN ORGANIZADORA

Corresponde a ésta, a organización e todo o relacionado cos certames e servizos inherentes aos mesmos, así como a aplicación do presente Regulamento.

#### 4. XURADOS

Durante a celebración dos certames actuarán os seguintes xurados:

##### 4.1. DE ADMISIÓN

O Xurado de admisión está composto por:

- D. Ramiro Fouz Dopacio** (Africor-Lugo)
- D. José Moreira Pardiñas** (Africor-Coruña)
- D. Julio Pérez Filloy** (Fundación Semana Verde)
- D. José Rodríguez López** (Africor-Pontevedra)

Serán misións específicas do Xurado de Admisión as seguintes:

- 4.1.1.** Colaborar co Servizo Veterinario de Inspección Sanitaria, para garantir que cada animal se presente coa documentación esixida.
- 4.1.2.** Revisar a documentación xenealóxica, a súa correspondencia cos animais presentados e cos datos que figuran na Cédula de Inscripción.
- 4.1.3.** Comprobar a preparación e presentación dos animais, e rexeitar aqueles que non alcancen o nivel mínimo esixido, daccordo co prestixio do concurso, e/ou que non teñan en regra toda a documentación.
- 4.1.4.** Velar polo cumprimento do disposto neste Regulamento e moi especialmente no que fai referencia aos apartados sobre benestar animal, informando de inmediato á Comisión Organizadora de calquera infracción que puidesen observar.
- 4.1.5.** Elevar propostas á Comisión Organizadora sobre cantas modificacións ou medidas consideren necesarias para o mellor desenvolvemento dos concursos e actividades.

##### 4.2. DE CUALIFICACIÓN

Estará composto por un só Xuíz, a quen acompañará un axudante de pista, coa fin exclusiva de facilitarlle as listas do gando concursante, preparar a constitución das seccións e suministrarlle cantos datos solicite do gando concursante.

Por acordo da comisión organizadora, os concursos serán xulgados por **D. JAUME SERRABASSA VILA, Xuíz Internacional de CONAFE.**

Serán misións do Xuíz:

- 4.2.1.** A eliminación de pista en cada sección, se procede, daqueles animais que non reúnan as condicións mínimas para o seu xulamento.
- 4.2.2.** Clasificación do resto de animais en cada sección por orde de méritos morfolóxicos, quedando finalmente colocados na pista segundo o devandito orde.
- 4.2.3.** Outorgamento dos premios, mencións honoríficas e campionatos que especifica o Programa.
- 4.3.** Por parte da Entidade Organizadora, facilitarase aos Xurados cantos medios sexan precisos para mellor realización do seu traballo.
- 4.4.** O xurado terá amplas facultades para incluír en seccións distintas aos exemplares que, con arreglo ao Programa do certame, estean situados naquelas que non lles corresponda por razón de idade.

**4.5.** O xurado non poderá crear novos premios sobre os que figuren nas seccións correspondentes do Programa, nin outorgar os que puidesen quedar desertos, sen autorización da Comisión Organizadora.

**4.6.** De igual xeito, se o Xurado considera que nalgunha sección os animais presentados non merecen ser premiados, poderá deixar deserto un, varios ou a totalidade dos premios que a devandita sección ou seccións teñen previstos no Programa.

**4.7.** Unha vez clasificados e premiados os animais de cada sección, o Xurado redactará e firmará a acta correspondente (por triplicado), onde figurarán os animais premiados por orde de categorías.

**4.8.** As decisións do Xuíz cualificador serán inapelables.

**4.9.** Todas aquelas cuestións que excedan ás competencias do Xurado de Admisión e/ou do Xuíz Cualificador, así como calquera incidencia que se presente e non estea prevista neste Regulamento, ou as dúbidas que puidesen existir na interpretación do mesmo, serán resoltas pola Comisión Organizadora do Certame.

#### 5. PARTICIPACIÓN

**5.1.** Poderán participar neste Certame todas as explotacións de Galicia con animais da súa propiedade e inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona Española, facendo a correspondente solicitude á **“FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA”** ou á **“FEDERACION FRISONA GALEGA”**.

**5.2.** Só se imporán limitacións en canto ao número de exemplares a presentar, cando as solicitudes rebasen as posibilidades de aloxamento de animais, en cuio caso, e tendo en conta de que se trata dun concurso de gando leiteiro, darase preferencia as gandeirías que concurran con animais adultos.

**5.3. Inscripción de animais:** para a inscrición de animais establécese o seguinte procedemento:

**5.3.1.** Cédula de inscrición: a organización proveerá da correspondente cédula de inscrición, que, unha vez cumplimentada e asinada deberá ser remitida a: Federación Frisona Galega (FEFRIGA) – Rúa Melide, 25-27 Baixo – 15705 Santiago – A Coruña; ou a: Fundación Semana Verde de Galicia – Recinto Feiral, s/n – 36540 Silleda – Pontevedra.

**5.3.2.** Cota de inscrición: A fin de evitar que se reserven prazas que despois non son utilizadas establécese unha cota/fianza de inscrición de 30 € por animal que deberá de ingresarse na conta de Banesto - Silleda nº 0030 6210 20 0850000271 en concepto “Concursos Frisón 2012” a nome de Fundación Semana Verde.

**5.3.2.1.** Igualmente, toda praza non reservada e que, -sen autorización expresa da organización, - sexa ocupada por unha gandería participante seralle facturada a cota/fianza de 30 €/ praza.

**5.3.3.** En caso de animais “dubidosos” o gandeiro poderá inscribir, sen cargo, ata un 30% de animais a maiores dos que en principio, desexe presentar. A reserva de prazas realizarase en base ó nº de animais polos que o gandeiro deposite a fianza non polo total dos inscritos (ver cédula de inscrición).

**5.3.4.** Só se considerarán inscritos, aqueles animais, cuos propietarios adxunten á cédula de inscrición, o correspondente xustificante bancario conforme abonaran a cota/fianza de inscrición.

**5.3.5.** Unha vez rematado o Concurso, a Fundación Semana Verde reembolsará ós gandeiros participantes a cota/fianza depositada.

**5.3.6.** Non se devolverá a cota/fianza de inscrición de aqueles animais que, salvo caso de forza maior, non sexan presentados a Concurso.

**5.4. O prazo de admisión de solicitudes rematará 13 de Maio de 2013.**

#### 6. CONDICIONS XERAIS

**6.1.** O gando concursante procederá de explotacións de Galicia inscritas no Libro Xenealóxico da Raza Frisona.

**6.2.** Será condición indispensable que todos os animais concursantes (nacionais ou importados) estean inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Frisona Española o cal se acreditará coa presentación do correspondente Certificado de Rexistro, igualmente os importados ou mercados en ganderías de fóra de Galicia, deberán de figurar a nome da explotación que os presente, con, polo menos 40 días de antelación á celebración do certame, o cal se acreditará coa presentación do correspondente certificado de rexistro.

**6.3.** As Cartas Xenealóxicas ou Certificados de Rexistro, unha vez examinadas e feitas as comprobacións oportunas polo Comité de Admisión, serán devoltas aos propietarios ou encargados do gando, quenes deberán presentalas no caso de que lles foran requeridas dende a organización por calquera motivo.

**6.5.** Como data de referencia para o encadramento dos animais nas diferentes seccións do programa, tomarase o día **31 de Maio de 2013.**



## 7. CONDICIÓN SANITARIAS

As condicións de indole sanitaria esixidas ás explotacións e ós animais para ser admitidos ó Recinto do certame, son as seguintes:

### 7.1. Procedencia

Todos os animais deberán proceder dunha explotación situada nunha zona indemne de epizootias de declaración obrigatoria para a/s especie/s receptivas que concurren ó evento. Así mesmo, os animais procederán de explotacións ou zonas que non sexan obxecto de ningunha medida de prohibición por motivos de policía sanitaria.

### 7.2. Identificación

Os animais que concurren ó evento deberán estar identificados individualmente, mediante tatuaxe e/ou crotal auricular u outros sistemas autorizados con arreglo ó Real Decreto 205/1996, sobre identificación e rexistro dos animais das especies porcina, ovina e caprina, ó Regulamento (CE) 1760/00, sobre identificación e rexistro dos animais da especie bovina e á vixente normativa comunitaria, según as especies, e cuia relación se reflexará na correspondente Documentación Sanitaria.

### 7.3. Documentación sanitaria

Todas as partidas de animais irán provistas da seguinte documentación sanitaria:

#### 7.3.1. Procedentes de España

**7.3.1.1.** Guía de Orixe e Sanidade Pecuaría e Certificado Oficial expedido pola correspondente Xefatura de Sanidade e/ou Producción Animal ou Unidade Veterinaria Competente da respectiva Comunidade Autónoma, na que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios que para cada especie se señalan no apartado 7.4.

**7.3.1.2.** Sexan transportados en vehículo ou xaula desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente Certificado de Desinfección.

#### 7.3.2. Procedentes do resto da UE ou de Terceiros Países

Certificado Sanitario Internacional redactado, polo menos, en español, no que se acredite o cumprimento dos requisitos sanitarios que para cada especie se señalan no apartado 7.4., sen perxuízo de cumprir outras disposicións comunitarias que regulan os intercambios intra-comunitarios de animais e as súas importacións de terceiros países.

Neste último caso, só procederán de Países Terceiros ou partes de territorio dos mesmos que:

**7.3.2.1.** Estén incluídos na lista de terceiros países contemplada no Real Decreto 1288/1993, de 30 de xullo, polo que se modifican os anexos dos Reales Decretos 495/1990, de 20 de abril, 110/1990, de 26 de xaneiro, e 646/1992, de 12 de xuño, e se establece a lista de países terceiros dos que se autorizan as importacións de animais das especies bovina, porcina, ovina, caprina e equina, carnes frescas e produtos cárnicos.

**7.3.2.2.** Cumpran as eventuais garantías adicionais esixibles a cada un de ditos países polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Estado Español.

**7.3.2.3.** Sexan transportados en vehículo ou xaula desinfectados antes da carga, debendo presentarse o correspondente Certificado de Transporte Internacional e Plan de Viaxe para as procedentes do resto da CEE e países terceiros.

**7.3.2.4.** Foran sometidos a tratamento antiparasitario interno e externo, nos últimos 30 días, o que se fará constar no correspondente Certificado Sanitario Oficial.

### 7.4. Normas de Carácter Específico

Só poderán concurrir ó evento os animais procedentes de Explotacións Oficialmente Indemnes de Tuberculose, Oficialmente Indemnes de Brucelose e que procedan de rabaños Indemnes de Leucose Enzoótica Bovina e libres de Perineumonía Contaxiosa.

Ademais, nos 30 días anteriores á celebración do evento, os animais da especie bovina que participen na mesma, deberán cumprir os seguintes requisitos:

**7.4.1.** Os maiores de 6 semanas de idade, desen resultado negativo a unha proba de diagnóstico da Tuberculose según o anexo I do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

**7.4.2.** Os maiores de 12 meses, presentasen un resultado favorable a unha das probas de diagnóstico da Brucelose bovina dacordo ó anexo II do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003.

**7.4.3.** Os animais maiores de 12 meses deran un resultado favorable a unha das probas de detección da Leucose Enzoótica Bovina das comprendidas no anexo III do R.D.2611/96 modificado polo R.D.1047/2003. Esta proba non será necesaria no caso de proceder dun Territorio, Rexión ou Estado Indemne da Leucose Enzoótica Bovina.

**7.4.4.** Tuveran resultado negativos á proba serolóxica fronte ó antíxeno de Campbell e Turner (Decisión 90/208/CEE) para a detección de Perineumonía Contaxiosa Bovina.

**7.4.5.** Tuveran resultado negativos ás probas diagnósticas fronte á glicoproteína gE do virus da Rinotraquite Infecciosa Bovina (IBR).

**7.4.6.** Tuveran resultado negativos ás probas serolóxicas de detección do antíxeno da Diarrea Vírca Bovina (BVD), realizadas nun laboratorio Oficial. Nos animais menores de 3 meses de idade, a proba realizarase no cartilago auricular.

**7.4.7.** Os animais maiores de 24 meses tuveran resultado negativos ás probas para a detección de anticorpos fronte ó *Mycobacterium avium paratuberculosis* (Paratuberculosis), realizadas nun laboratorio oficial.

## 7.5. Outras condicións e recomendacións

**7.5.1.** Os animais que asistan ó certame con fins de venda, deberán presentar un resultado negativo ás probas para a detección de anticorpos fronte á Neosporose Bovina, realizadas nun laboratorio oficial.

**7.6.** Ademais destes requisitos, cando procedan de Estados membros da Unión Europea (incluído España), cumprirán as condicións sanitarias establecidas no R.D.1716/2000, de 13 de Outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais da especie bovina.

### 7.7. Verificación e inspección

A verificación da documentación sanitaria, correrá a cargo dos Veterinarios designados pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**. Así mesmo, o persoal asignado a este servizo será o encargado da emisión das guías ou documentación sanitaria que ampare os animais na viaxe de retorno.

**7.8.** Aqueles animais que presenten síntomas de calquera enfermidade, ou os que carezan de algún dos documentos ou requisitos sanitarios esixidos no regulamento sanitario sobre participación de animais a concursos, poxas e exposicións, non serán autorizados a entrar no recinto ferrial.

## 8. TRANSPORTE DE GANDO

**8.1.** Aboaranse as facturas de transporte, previa comunicación do servizo á organización. A tal efecto estableceranse as rutas de recollida máis axeitadas debendo respetarse as mesmas. No caso contrario, compensarase o custo do transporte sempre que non supere a cantidade de 0,30€ por vaca ou 0,12€ por xovenca ou becerra respectivamente e Kilómetro de distancia percorrido entre a Gandeiría de orixe e o Recinto Ferrial, computándose só a ida.

**8.2.** É obrigatorio que os vehículos que transporten o gando estean debidamente desinfectados e que o xustifiquen co correspondente TALÓN DE DESINFECCIÓN.

## 9. ENTRADA DE GANDO

**9.1.** A entrada do gando **realizarase entre as 10.00 e as 22.00 h. do día 12 de Xuño**, non tendo dereito a entrar os animais que sexan presentados despois da citada hora.

**9.2.** A autorización de entrada do gando nas naves realizarase previa presentación e comprobación da documentación sanitaria esixida. Unha vez admitidos, os animais concursantes deberán, **OBIGATORIAMENTE**, ocupar as prazas que para eles están reservadas na área do Concurso; aqueles animais que non cumpran con estes requisitos perderán o seu dereito a participar así como todas as axudas ás que, como gando Concursante, teñan dereito.

**9.3.** Unha vez aloxados os animais nas prazas que a Organización lles asigne, procederase á comprobación da súa documentación Xenealóxica (Certificado de Rexistro). Non se autorizará a participación nos concursos a aqueles animais que carezan da devandita documentación ou estea incompleta, obrigando aos seus propietarios a retiralos da área reservada a concursantes.

**9.4.** Unha vez admitidos, os animais presentados non poderán ser retirados do recinto ata finalizado o Certame salvo caso de enfermidade, accidente ou forza maior que así o aconselle.

**9.5.** A custodia e manexo dos animais así como a súa presentación en pista, correrá a cargo dos seus propietarios, se ben, a organización procurará facilitarlles, no posible, estes cometidos.

**9.6.** Para axilizar as tarefas de lavado, **PROHÍBESE EXPRESAMENTE** que as áreas destinadas a este cometido permanezan ocupadas por outros animais distintos aos que os respectivos coidadores estean lavando en cada momento.

## 10. SEGURO

**10.1.** A feira proveerá aos animais participantes dun seguro que cubra os riscos de accidentes ou enfermidades producidos como consecuencia da súa participación no concurso exposición.

**10.2.** O mencionado seguro cubrirá os riscos descritos, durante o período de tempo comprendido entre os días **11 e o 30 de Xuño**.

**10.3.** Para ter dereito ao cobro da indemnización pertinente, o propietario dun animal enfermo ou accidentado, deberá comunicar inmediatamente á organización, o número de Rexistro Xenealóxico e cadro clínico que presente, para que ésta poida facer as comprobacións necesarias e se o considerase oportuno, ordenar o seu sacrificio, para evitar sufrimentos innecesarios.

**10.4.** Só se consideran amparados polo seguro aqueles animais que figuren na cédula de inscrición.

**10.5.** Para a valoración dos animais a efectos de seguro, adoptase o seguinte Baremo:

<b>Becerras menores de 1 ano</b>	<b>1.500 €</b>
<b>Xovencas de 12 a 18 meses</b>	<b>2.000 €</b>
<b>Xovencas de máis de 18 meses</b>	<b>2.500 €</b>
<b>Vacas de máis de 2 anos</b>	<b>3.200 €</b>
<b>Vacas calificadas MB ou máis</b>	<b>4.500 €</b>

Para as femias xestantes de máis de 3 meses contratarase unha póliza complementaria que cubra os riscos de aborto. Só terá dereito a esta cobertura os animais que veñan reseñados na Cédula de Inscrición como xestantes. A indemnización será o 25% do valor asegurado.

## 11. ALIMENTACIÓN E LIMPEZA

**11.1.** A organización facilitará as cantidades de alfalfa, penso, polpa de remolacha e mestura para vacas de leite, necesarios para a alimentación dos animais.

**11.2.** Suministrarse a todos os participantes palla en cantidade suficiente para as camas do gando exposto, o suministro realizarase diariamente ao peche da feira.

# *Toros en Campaña* **Artes**

**Nº 3**

*Un año más, grazas*

Sonia

*Pregunta a tu distribuidor por nuestras nuevas estrellas:*

**- GOLDEN DREAMS:**

**- MINCIO:**

Para más información, contacta con tus **distribuidores en Galicia:**

*italian style*

**Manuel Reija** 610 526 785 - **Angel López** 677 229 407 - **Noel Balsa** 619 760 916



*Galicia 2013*

# Mascalese

Nº1

*pola vosa confianza!*

Maliarda

El nuevo Lider mundial a TIPO, con +20 en Canadá  
El mejor Bolton "TY" por UBRE a nivel internacional

**Semenzoo**

Alberto Lamas 680 115 019 - Emilio Rodríguez 682 683 233

 España



**11.3.** O recambio das camas correrá a cargo dos expositores, este **DEBERÁ SER REALIZADO DURANTE AS HORAS EN QUE PERMANEZA PECHADO AO PÚBLICO O RECINTO FEIRAL E SEMPRE ANTES DAS 8.00 HORAS.**

**11.4.** Os participantes aceptan expresamente, -para facilitar as tarefas de limpeza,- o depositar a palla e o esterco, **EXCLUSIVAMENTE NAS CARRETAS E/OU CONTENEDORES** destinados a esta fin.

**11.5.** O lavado e pelado dos animais realizarase nos puntos que a organización determine e dispoña para este menester, quedando expresamente prohibido o realizalo fóra das devanditas áreas.

## 12. CARTEIS

Autorízase ás ganderías participantes, o uso de dous tipos de carteis, (de gandería e de identificación) estes deberán estar colocados na parte dianteira das prazas que ocupan os animais, e sempre sen rebasalas. A altura dos mesmos nunca será superior a 1 m.

### 12.1. GANDERÍA

Nel poderá figurar o nome da Gandería ou Empresa propietaria dos animais expostos. No caso de gandeiros particulares e que se presenten a Concurso como Asociación, Cooperativa, S.A.T., etc, poderá figurar o nome da mesma.

### 12.2. IDENTIFICACIÓN

A feria proveerá ás Ganderías participantes, dos correspondentes carteis de identificación para cada un dos animais expostos, nos que figurará: NOME DO ANIMAL, CALIFICACIÓN, NºR°X°, PAI, NAI, PROPIETARIO (\*), PAÍS DE ORIXE. (\*) No caso de animais propiedade de varios gandeiros, só poderá figurar o nome da Sociedade propietaria ou o da explotación en que se atopa o animal.

## 13. PREPARACIÓN DOS ANIMAIS

**13.1.** Os animais serán preparados da maneira máis natural posible evitando prácticas e/ou produtos que poidan afectar á súa saúde, benestar e/ou morfoloxía.

**13.2.** O enchido e/ou balanceado das ubres realizarase de maneira natural, en base ao leite que produce o propio animal, estando expresamente prohibida a utilización de calquera produto ou substancia que poida alterar o seu aspecto.

**13.3.** A fin de asegurar o cumprimento do disposto no punto anterior, os propietarios dos animais clasificados 1º, 2º e 3º de cada unha das seccións individuais de vacas, están obrigados a presentalos na zona que se indique a fin de sometelos ao escaneado da ubre.

**13.4.** Durante a celebración do certame, a organización poderá ordenar a realización do escaneado da ubre de calquera vaca presente no Recinto Feiral.

**13.5.** O non presentar un animal para sometelo ao Scanner da ubre ou o negarse a que se lle realice a devandita proba, dará lugar a súa descalificación e a perda de todos os premios e títulos conseguidos, os cales serán asignados ao seguinte animal clasificado.

## 14. PRESENTACIÓN DO GANDO EN PISTA E EXHIBICIÓNS

**14.1.** A presentación do gando en pista, cantas veces sexan necesarias para a súa calificación, así como a súa participación nas exhibicións que determine a organización, será obrigatoria, debendo ser conducido polos propietarios, presentadores e/ou persoal ao seu cargo.

**14.2.** Será obrigatorio para todos os manexadores que presenten gando en pista, ir uniformados con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS.**

**14.3.** Os animais que non sexan presentados a pista no momento que sexan requeridos para o seu xulgamento serán descalificados.

**14.4.** Para mellor control dos traballos de cualificación, así como para orientación do público en xeral, os animais estarán debidamente identificados con números correlativos, que coincidirán cos do Catálogo do Concurso.

**14.5.** Para poder establecer unha correcta valoración dos animais, a orde de saída a pista será asignado por riguroso orde de idade empezando sempre polos animais máis xóvenes de cada sección.

## 15. ASISTENCIA SANITARIA

Durante a celebración do Certame funcionará no recinto feiral unha clínica veterinaria con servizo gratuito durante as 24 horas do día, á que poderán acudir cantos expositores o precisen, para a atención do seu gando.

## 16. AXUDAS E INCENTIVOS Á PARTICIPACIÓN

**16.1.** Todos os animais colocados en 1º lugar das respectivas seccións, así como os campións e subcampións nos distintos campionatos, serán **grafafiados gratuitamente** por Sylvie Gouin, fotógrafa oficial do concurso.

### 16.2. XENÉTICA DE FONTOA.

Concederá ó animal, -fillo de touros do centro,- mellor clasificado en cada sección individual o seguinte premio:

<b>Becerras (seccións 1, 2, 3 e 4)</b>	<b>100 €</b>
<b>Xovencas (seccións 5, 6 e 7)</b>	<b>200 €</b>
<b>Vacas (seccións 11, 12, 13, 14, 15 e 16)</b>	<b>300 €</b>

Igualmente agasallará a todas as Ganderías participantes, con **3 doses de XACOBEO.** Ademais, aquelas que participen con 2 ou máis animais, recibirán: **3 doses de LAUTAMIC • 3 doses de TORREL • 3 doses de DELETE**

**16.3** Todas as ganderías recibirán un agasallo-recordo dos concursos.

## 17. PREMIOS, TROFEOS E TÍTULOS

Todos os gandeiros expositores recibirán os diplomas, trofeos, escarapelas e estandartes que se mencionan nas diferentes seccións do programa.

**17.1. SECCIÓNS:** Escarapela aos 5 primeiros animais clasificados. Igualmente, aos 3 primeiros concederánselles os premios en metálico seguintes:

	<b>Xovencas</b>	<b>Vacas</b>
1ª	50 €	100 €
2ª	40 €	75 €
3ª	30 €	50 €

**17.1.1.** Ademais dos premios indicados, en cada unha das seccións de vacas en lactación (11, 12, 13, 14, 15 e 16) concederase o título de Mellor Ubre (escarapela).

**17.2. CAMPIONATOS:** Estandarte e os premios en metálico seguintes:

<b>Campiona</b>	<b>150 €</b>	-	<b>Subcampiona</b>	<b>75 €</b>
-----------------	--------------	---	--------------------	-------------

**17.3. GRANDES CAMPIONATOS** Escarapela xigante e trofeo.

**17.3.1.** Igualmente, nos grandes Campionatos (Sec. 10 e 20) outorgarase estandarte á Xovenca e á Vaca "Gran Campiona Reserva" e "Mención de Honra".

**17.4. MELLOR CRIADOR:** Estandarte e os premios en metálico seguintes:

<b>Mellor Criador</b>	<b>150 €</b>	-	<b>Segundo Criador</b>	<b>75 €</b>
-----------------------	--------------	---	------------------------	-------------

**17.5. MELLOR MANEXADOR**

Concederase este título ao Manexador que ao longo de todo o Certame demostre maior habilidade e profesionalidade no manexo e presentación de animais en pista.

## 18. DISPOSICIÓNS FINAIS

**18.1.** En caso de que, nalguna sección non se presentaran máis de 3 animais, a sección será anulada e os animais nela inscritos serán, -dependendo da súa idade,- incluídos na sección anterior ou posterior.

**18.2.** As decisións do Xuíz serán inapelables, polo tanto a participación nos certames supón acatalas respetuosamente.

**18.3.** A Comisión Organizadora decidirá sobre todos aqueles asuntos non contemplados no presente regulamento, así mesmo interpretará e decidirá, de maneira inapelable, sobre todas aquelas cuestións que se poidan plantexar na interpretación do mesmo.

**18.4.** A participación supón a aceptación de todas as normas e preceptos recollidos neste regulamento.

## SECCIÓNS DO CONCURSO

### SEC. 1: BECERRAS DE 4 A 7 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Outubro de 2012 ó 31 de Xaneiro de 2013.

### SEC. 2: BECERRAS DE 8 A 10 MESES

Son as femias nadas entre o día 1 de Xullo de 2012 ó 31 de Setembro de 2012.

### SEC. 3: BECERRAS DE 11 A 13 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Abril de 2012 e o 30 de Xuño de 2012.

### SEC. 4: BECERRAS DE 14 A 16 MESES

Femias nadas entre o día 1 de Xaneiro de 2012 e o 31 de Marzo de 2012.

### SEC. 5: XOVENCAS DE 17 A 19 MESES

Son as femias, nadas entre o día 1 de Outubro de 2011 e o 31 de Decembro de 2011.

### SEC. 6: XOVENCAS DE 20 A 22 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Xullo e o 31 de Setembro de 2011.

### SEC. 7: XOVENCAS DE 23 A 26 MESES

Son as femias non paridas nadas entre o 1 de Marzo e o 30 de Xuño de 2011.

### SEC. 8: BECERRA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 1ª, 2ª, 3ª e 4ª. Concederanse os títulos de **"BECERRA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2013'".**

### SEC. 9: XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 5ª, 6ª e 7ª. Concederanse os títulos de **"XOVENCA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA 'FEFRIGA 2013'".**

### SEC. 10: XOVENCA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirán a Campiona e Subcampiona da sección 8 (Becerra Campiona) e 9 (Xovenca Campiona). Outorgaranse os títulos de **"XOVENCA GRAN CAMPIONA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONRA 'FEFRIGA 2013'".**

### SEC. 11: VACA XOVEN LACTACION ATA 30 MESES

Son as femias en lactación, nadas a partir do día 1 de Decembro do 2010 inclusive.

### SEC. 12: VACA XOVEN LACTACION DE 31 A 36 MESES

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño e o 30 de Novembro de 2010.



### SEC. 13: VACA INTERMEDIA EN LACTACION (3 ANOS)

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2009 e o 31 de Maio de 2010.

### SEC. 14: VACA INTERMEDIA LACTACIÓN 4 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2008 e o 31 de Maio de 2009.

### SEC. 15: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 5 ANOS

Son as femias en lactación, nadas entre o día 1 de Xuño de 2007 e o 31 de Maio de 2008.

### SEC. 16: VACA ADULTA LACTACIÓN DE 6 ANOS OU MÁIS

Son femias en lactación, nadas antes do 1 de Xuño de 2007.

### SEC. 17: VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 11ª e 12ª. Concederanse os títulos de “**VACA XOVE CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA ‘FEFRIGA 2013’**”.

### SEC. 18: VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 13ª e 14ª. Concederanse os títulos de “**VACA INTERMEDIA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA ‘FEFRIGA 2013’**”.

### SEC. 19: VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA

Competirán as dúas primeiras femias, clasificadas nas seccións 15ª e 16ª. Concederanse os títulos de “**VACA ADULTA CAMPIONA DE GALICIA e SUBCAMPIONA DE GALICIA ‘FEFRIGA 2013’**”.

### SEC. 20: VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA

Competirá a Campiona e Subcampiona das seccións 17ª, 18ª e 19ª. Outorgaranse os títulos de “**VACA GRAN CAMPIONA DE GALICIA, RESERVA GRAN CAMPIONA e MENCIÓN DE HONRA ‘FEFRIGA 2013’**”.

### SEC. 21: MELLOR CRIADOR DE GALICIA

Competirán grupos de tres femias nadas nunha mesma explotación de Galicia, aínda que na actualidade sexan propiedade doutros gandeiros. Concederanse os títulos de “**MELLOR CRIADOR e SEGUNDO CRIADOR DE GALICIA ‘FEFRIGA 2013’**”.



## XXIX CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES “MEMORIAL LUIS LOUZAO”

Un bo manexador é aquel que coñece á perfección a morfoloxía dos seus animais e despois dunha correcta doma, preparación e pelado, é capaz de facer resaltar as virtudes do exemplar que presenta, minimizando ó mesmo tempo os posibles defectos que poida ter.

Este concurso consiste en que os xóvenes participantes demostren a súa habilidade na presentación de animais en pistas de concurso e exposicións, aproveitando ó máximo as cualidades e posibilidades que ofrece cada animal.

Os fins perseguidos con este concurso son:

- \* Animar ós xóvenes a interesarse e participar, dende moi cedo, nas tarefas de selección e mellora das súas explotacións.
- \* Colaborar na profesionalización e autoestima dun sector que tradicionalmente foi menospreciado na nosa sociedade.
- \* Asegurar a continuidade dos concursos, exposicións e subastas no futuro como medio imprescindible para a promoción, rendibilidade e continuidade das explotacións gandeiras.

### CONDICIÓN XERAIS

- 1.- O Concurso celebraráse **ó 15 de Xuño** no Recinto Feiral de Silleda.
- 2.- Antes do Concurso, terá lugar unha Demostración de Manexo para todos os presentes e en especial para os participantes neste Concurso.
- 3.- Nel poderán participar todas aquelas xóvenes que o desexen e que non superen os 30 anos de idade (inclusive)
- 4.- Dada a diferenza de idade entre os posibles participantes, establécense as seccións según se indica no punto 5.
- 5.- **SECCIÓNS:**  
**Sección 1ª:** Competirán xóvenes que teñan **entre os 21 e os 30 anos inclusive.**  
**Sección 2ª:** Competirán mozos con idades comprendidas **entre os 16 e os 20 anos inclusive.**  
**Sección 3ª:** Inclúe a mozos con idades comprendidas **entre os 10 e os 15 anos inclusive.**  
**Sección 4ª:** Nela participarán rapaces **menores de 10 anos.**  
**Sección 5ª - CAMPIONATO:** Competirán polos títulos de CAMPIÓN e SUBCAMPIÓN Manexador SEMANA VERDE 2013, os dous primeiros clasificados nas seccións 1, 2 e 3.
- 6.- As seccións serán xulgadas empezando polos manexadores de máis idade, permitindo así, que os máis novos poidan aprender as técnicas que os maiores empregan.
- 7.- No caso de que algunha sección teña menos de 3 participantes, serán incluídos na sección anterior ou posterior, en función da súa idade.
- 8.- Tomarase como data de referencia para determinar a idade dos concursantes o 31 de Maio.
- 9.- Sendo o obxectivo do concurso, o de formar e estimular aos mozos nas tarefas de doma, manexo e presentación do gando, cada participante estará obrigado a preparar o animal co que vaia concursar.
- 10.- Os máis novos poderán ser axudados nos traballos mencionados (punto 9) polos colaboradores do Clube que se atopen no recinto.
- 11.- Os concursantes nas seccións 3 e 4 (punto 5) só poderán participar con animais inscritos nas seccións de becerras do Concurso de frisón.
- 12.- Os concursantes nas seccións 1 e 2 só poderán competir exclusivamente con xovencas.

### CONDICIÓN DE PRESENTACIÓN

No momento de presentación dos animais en pista, cada manexador deberá:

- 13.- Obrigatoriamente, ir uniformado con **CAMISA E PANTALÓN BRANCOS.**
- 14.- Comprobar que o animal que vaia exhibir esté perfectamente limpo e en condicións para saír a pista.
- 15.- Estar atento ás instrucións que se den e presentarse puntualmente en pista, cando e cantas veces sexa requerido.
- 16.- Unha vez en pista, estar atento en todo momento, ás indicacións do xuíz e actuar, correcta e rápidamente, dacordo ás mesmas.
- 17.- Manter en todo momento ó animal baixo control, procurando non distraer nin molestar ós outros concursantes.
- 18.- Estar preparado para responder a calquera pregunta que o xuíz poida facerlle con respecto ó animal que conduce (idade, país, etc).
- 19.- Recordar que unha sección non rematou ata que o xuíz o indique, por tanto, toda colocación será provisional ata dito momento.
- 20.- Aceptar deportivamente as decisións do xuíz, mantendo en todo momento unha actitude correcta e respectuosa.

### XULGAMENTO

O xulgamento do Concurso de Xóvenes Manexadores correrá a cargo de **Dn. Jaime Serrabassa Vila, Xuíz Internacional de CONAFE.**

**Serán misións deste xuíz:**

- 21.- Valorar as habilidades dos manexadores (doma e presentación) sen ter en conta as características morfolóxicas dos animais que presenten.
- 22.- Xulgar cada sección por separado.
- 23.- Dar as explicacións do por que da colocación en cada unha das seccións, xulgadas, procurando aconsellar aos mozos como mellorar a súa técnica.
- 24.- Proceder á colocación final dos manexadores, tendo en conta as tres premisas básicas que estes deben observar (preparación do animal, técnica de presentación e actitude demostrada en pista, tanto cara aos seus compañeiros como ás indicacións do xuíz).
- 25.- As decisións do xuíz serán inapelables, xa que logo, a participación implica a aceptación das mesmas

### PREMIOS

- 26.- Outorgaranse escarapelas aos 3 primeiros clasificados das seccións 1, 2 e 3.
- 27.- Sección 4: xóvenes menores de 9 anos: concederase escarapela e un obsequio a tódolos participantes.
- 28.- A participación supón a aceptación de tódalas normas contidas no presente regulamento.
- 29.- A comisión organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puidesen suscitar na interpretación do regulamento, ou que non estivesen recollidas no mesmo.

**CONCURSO PATROCINADO POR:**







# Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia

se tes o que hai que ter...

## ASOCIATE

regulamento

### CONCURSO DE XÓVENES PREPARADORES SEMANA VERDE 2013

#### CONDICIONS XERAIS

- 1.- O Concurso celebrarase o venres **14 de Xuño** no Recinto Feiral Semana Verde.
- 2.- Nel poderán participar todos aqueles xóvenes de Galicia e/ou socios do Clube que o desexen e a súa idade non exceda dos 30 anos inclusive.
- 3.- Por necesidades de espazo e organizativas, **o prazo de inscrición rematará o día 14 de Maio de 2013**, non tendo dereito a participar aqueles xóvenes que se inscriban con posterioridade a dita data.
- 4.- En xeral, para o pelado ÍNTEGRO dos animais, cada participante disporá de 2 horas, non obstante, os participantes de 15 anos e menores dispoñan de 30 minutos suplementarios.
- 5.- A hora estipulada para o comezo do Concurso será para aqueles participantes que pola súa idade precisen as 2 horas e 30 minutos.
- 6.- Sendo o obxectivo do concurso, o formar e estimular ós xóvenes nas tarefas de doma, manexo e presentación de gando, cada participante estará obrigado a preparar (sen axuda externa) o animal co que vaia a concursar.
- 7.- Os concursantes participarán obrigatoriamente, con animais inscritos nas seccións do Concurso.

#### CONDICIONS DE PARTICIPACIÓN

- 8.- Por razóns organizativas, as inscricións estarán formalizadas con un mes de antelación, a fin de dispor dos animais necesarios.
  - 9.- Cada participante, terá que estar provisto e ter inscrito no concurso animal para o pelado.
  - 10.- Os participantes que non dispoñan de animal propio para este concurso, terán que indicalo na súa inscrición e remitila á maior brevidade posible para poder asignarlle un exemplar.
  - 11.- Os participantes poden solicitar calquera tipo de material ó Clube de Xóvenes Gandeiros no momento de formalizar a súa inscrición.
  - 12.- Cada concursante terá que estar provisto de todo o equipo necesario para o pelado e a presentación do animais e todo este material será por conta do participante.
- No momento de inicio do concurso os preparadores deberán:
- 13.- Presentarse á zona de Concurso co animal con que van participar así como todo o equipo de preparación e pelado.
  - 14.- O animal con que se participe, debe de estar limpo, domado e sen ningunha rexión do seu corpo (cabeza, patas, rabo, pescozo, etc..) pelada.
  - 15.- Manter en todo momento ó animal baixo control, procurando non distraer nin molestar a outros concursantes.
  - 16.- Unha vez expirado o prazo concedido para o pelado e preparación (2,00 ó 2:30 Horas según a idade) todos os concursantes deberán deixar o animal nas condicións que se atope e recoller o seu material.
  - 17.- Os participantes disporán de 15 minutos para uniformarse e presentarse na entrada de pista.
  - 18.- Obrigatoriamente terán que saír co animal preparado á pista, uniformados de **PANTALÓN AZUL E CAMISA BRANCA**.
  - 19.- Antes do xulgamento dos animais en pista o xuíz comentará e valorará cada preparador o traballo realizado, dándolles as explicacións e consellos que en cada caso proceda.

#### XULGAMENTO

- 20.- O xulgamento do Concurso de Xóvenes Preparadores correrá a cargo de un Comité formado por:

- Dn. **Jaume Serrabassa Vila, Xuíz Internacional de CONAFE.**
- Dn. **Bonet Cid Salgado, Presidente do Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia.**
- Dn. **Françesc X. Grau, Director-Xerente de Febriga.**

#### Serán misións deste Comité:

- 21.- Revisar previo comezo da competición que todos os animais non teñan ningunha parte do seu corpo pelada.
- 22.- Cumplimentar a Táboa de Valoracións estipulada para este fin, e que é a seguinte:

VALOR	PARTES A PUNTUAR
5 max.	CABEZA - PESCOZO
10 max.	LÍNEA DORSO - LUMBAR
10 max.	BARRIGA
7 max.	COSTELAR / CORPO
5 max.	PATAS
-	UBRE
10 max.	VALORACIÓN XERAL DO CONXUNTO
	APARIENCIA XERAL
	REMATE FINAL

- 23.- Avaliar o traballo individual que cada concursante teña feito na preparación e pelado, cumplimentando a Táboa de valoracións (punto 22).
- 24.- Colocar ós participantes e conceder a puntuación e premios, dacordo coas habilidades amosadas.
- 25.- Expoñer ante o público e concursantes as razóns e motivos polos que procederon á concesión dos premios e colocación dos concursantes.
- 26.- As decisións do Comité serán inapelables, por tanto, a participación implica acatalas e aceptalas con deportividade.

#### SECCIONS

- 27.- Xulgaranse todos os participantes nunha única sección.
- 28.- A sección será xulgada no espazo destinado ó pelado e unha vez rematado, se exporán ó público no ring de concurso.
- 29.- A entrada en pista será por rígorosa orde de idade de menor a maior.

#### PREMIOS

- 30.- A suma de puntos na avaliación realizada polo Comité establecerá a clasificación final do Concurso.
- 31.- Como contribución especial a este certame, o Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia, obsequiará con un trofeo ós Xóvenes Campión e Subcampión de Preparadores "Semana Verde 2013".
- 32.- A participación supón a aceptación de todas as normas contidas no presente regulamento.
- 33.- A Comisión Organizadora decidirá sobre todas aquelas cuestións que se puideran plantexar na interpretación do regulamento, ou que non estiveran recollidas no mesmo.

#### CONCURSO PATROCINADO POR:



## Concursos Semana Verde 2013

Xa estamos preto da nosa cita anual en Semana Verde os días 13 ó 16 de Xuño. Se queredes participar nos concursos, e non dispoñedes dun animal da vosa granxa, por favor, comunicádenolo axiña para poder organizarnos con tempo.

Para o concurso de pelado, non vos despistedes, avisádenos xa e atoparemos unha novilla da túa talla.

Se ademáis queredes manexar, só tedes que acudir o sábado 15, con camisa e pantalón branco. Se non tedes experiencia previa, non vos preocupedes, acudide con tempo para poder asistir á demostración de manexo, e buscarémosche un animal axeitado para que podas participar.

**VIDE PARTICIPAR, NON HAI DESCULPA VÁLIDA!!**





# Resultados do Concurso de Manexadores Muimenta '13

Muimenta, 7 de Abril de 2013

Xuiz: D. Giuseppe Beltramo (Xuiz Internacional de ANAFI)

## Sección 1ª: Persoas que teñan máis de 21 anos

1º MIGUEL EXPÓSITO RODRÍGUEZ	LA RINCONADA	CANTABRIA
2º JUAN NOVO GARCÍA	LAR DE GRACOZA	COSPEITO (LUGO)
3º OSCAR CASTRO GARCÍA	A VEREDA	A PASTORIZA (LUGO)



Sección 1ª: Mellor Manexador

## Sección 2ª: Mozos entre os 16 e os 21 anos inclusive.

1º JOSÉ ALBERTO IGLESIA VILA	REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA (LUGO)
2º ROCÍO MANTEIGA RODRÍGUEZ	MANTEIGA	VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)
3º MARÍA MANTEIGA RODRÍGUEZ	MANTEIGA	VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)



Sección 2ª: Mellor Manexador

## Sección 3ª: Mozos entre os 10 e os 15 inclusive.

1º AVELINO SOUTO ROZADOS	MIDÓN	LALÍN (PONTEVEDRA)
2º JORGE VÁZQUEZ CUÑARRO	CAPÓN	CHANTADA (LUGO)



Sección 3ª: Mellor Manexador

## Sección 4ª: Rapaces menores de 9 anos.

LAURA LÓPEZ LÓPEZ	CANCELA	SARRIA (LUGO)
MANUEL LÓPEZ LÓPEZ	CANCELA	SARRIA (LUGO)
ANTÍA NODAR GALLEGO	CAMPOLONGO	LUGO
ALEX IGLESIA VILA	REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA (LUGO)
LORENA IGLESIA VILA	REI DE MIÑOTELO	A PASTORIZA (LUGO)
GONZALO NODAR GALLEGO	CAMPOLONGO	LUGO

## CAMPIONATO

MIGUEL EXPÓSITO RODRÍGUEZ	<b>CAMPION</b>
JOSÉ ALBERTO IGLESIA VILA	<b>SUBCAMPIÓN</b>



Xovenes manexadores participantes

# Curso de iniciación e/ou perfeccionamento

Algúns xa coñecedes as tarefas que se levan a cabo nun dos nosos cursos de verán. Pois un ano máis, o Clube ten previsto repetir para que, se aínda non os coñecedes veñades a probar se vos gusta e os que xa participastes, podades ir perfeccionando a vosa técnica.

Aprenderedes cómo se doma un becerro, cómo se alimenta, cómo se lava e se prepara, así como o modo de presentala a pista. Todo aquilo que non inclúen os típicos campamentos de verán, ímosvolo ofrecer nós do **15 ó 20 de Xullo** nunha Gandería da provincia da Coruña.

Se estás interesado, non dubides en contactar con nós.



# Curso de Podoloxía

Todos coñecemos as perdas que supoñen os problemas podais nos bovinos de leite. A saúde das patas repercute tanto na produción leiteira, capacidade productiva, fertilidade, envellecemento precoz e incluso é a causa de numerosos sacrificios.

Dada a importancia que economicamente supón este tema nas granxas, e a petición de algúns dos nosos socios, estamos a organizar un curso no que coñecer entre outras, pautas preventivas, patoloxías máis comúns, cómo tratalas, etc.,. Se che interesa, rogamos no lo comuniques, a fin de programalo para **este mes de Xullo**.



# Convocatoria de asemblea xeral de socios

Infórmase a todos os socios do Clube que, **o vindeiro 16 de Xuño, domingo, ás 16:00h en primeira convocatoria e 16:30h en segunda**, terá lugar a Asemblea Xeral de socios nas instalacións da Fundación Semana Verde de Galicia.

Agradeceremos a túa asistencia e puntualidade.

# Resultados XV Poxa de Xovencas de Santa Comba

2 de marzo de 2013 - Pabellón Polideportivo municipal de Santa Comba

Organizado por: Africor - Coruña / Concello Santa Comba

Animais presentados: 21 ; animais vendidos: 21

FEMIA SUBASTADA	VENDEDOR	COMPRADOR	PREZO REMATE
FORTE DO CAN 9352 XACOBEO	JAVIER CARREIRA OROÑA	CARMEN ESTEVEZ NIETO	1.950
DUPA BOLTON KIA ANTÍA	M.C. DUBRA LAMAS Y OTRO S.C.	CASTRO CASTIÑEIRA S.C.	2.200
DUPA BOLTON ROSA ASIA	M.C. DUBRA LAMAS Y OTRO S.C.	GANADERÍA CASÁS S.C.	2.400
DUPA MILLION VIVA ZALA	M.C. DUBRA LAMAS Y OTRO S.C.	JULIO A. RODRÍGUEZ MOUZO	2.100
LANDEIRA-OA CARMEN XACOBEO	GANAD. CASA LANDEIRA DE OA	PASTORA NOVOA MARTÍNEZ	2.100
8171 FARRAPA TOYSTORY	SAT A FARRAPA	CASTRO CASTIÑEIRA S.C.	2.200
O CHUCO, S.C. BEGOÑA RIANXO	O CHUCO, S.C.	MARÍA ARIAS RIAL	2.000
XOLLOS MILIA MILLION ET	SAT XOIOS	SAT RIAL	2.900
OS LOUREIROS SOFÍA 481 XACOBEO	GANADERIA OS LOUREIROS S.C.	PASTORA NOVOA MARTÍNEZ	2.200
O CHUCO, S.C. LIBIA XACOBEO	O CHUCO, S.C.	GANADERÍA ARES GIL	2.450
OS LOUREIROS LEONOR BARCELÓ	GANADERIA OS LOUREIROS S.C.	PASTORA NOVOA MARTÍNEZ	2.200
OS LOUREIROS CARREIRA DANCER	GANADERIA OS LOUREIROS S.C.	PASTORA NOVOA MARTÍNEZ	2.250
NUVEIRA NINA STIO	JOSÉ MANUEL LADO PÉREZ	REY MARTÍNEZ S.C.	2.150
ARAN MELOSA 8439 BOLIVIA	IRENE CANTORNA BARBEIRA	JESÚS FRANCISCO PÉREZ INSUA	2.000
9048 IGLESIAS EMIR	MANUEL IGLESIAS AGRA	DOMINGO CALVELO MARTÍNEZ	2.000
ARO 150 BUCKEYE 209	COOPERATIVA DE ARO	G. B. GANDEIRIA S.C.	2.350
SAN-RIAN ISAURA ARMSTEAD	SAN-RIAN S.C.G.	GANDERÍA CASBLANCO S.C.	2.250
RUFINA 3433	JOSÉ LAMAS GONZÁLEZ	SAMEDE S.COOP. GALEGA	2.000
NUVEIRA DULCE DANCER	JOSÉ MANUEL LADO PÉREZ	PASTORA NOVOA MARTÍNEZ	2.150
SAN-RIAN DELIA HOWIE	SAN-RIAN S.C.G.	G. B. GANDEIRIA S.C.	2.300
<b>TOTAL</b>			<b>49.950 €</b>
<b>PREZO MEDIO</b>			<b>2.270 €</b>

Datos e fotos facilitados por Africor-Coruña



Xollos Milia Million Et



Dupa Bolton Rosa Asia



# XXVII Concurso de Gando Frisón Moexmu '13

Muimenta, Cospeito, Lugo, 6 de Abril de 2013

Xuíz: D. Giuseppe Beltramino (Xuíz Internacional de ANAFI)

Ganderías participantes: 23 // Animáis participantes: 93

## Xatas ata 8 meses

1ª) **Carballeiras Dude Sharon** (Carballeiras - Lalín - PO)

## Xatas de 8 a 10 meses

1ª) **Flora Gospell Manioca ET** (Flora - Valdes - Asturias)

## Xatas de 11 a 13 meses

1ª) **Pozosaa Tee Off 6566** (Poza - Lugo)

**XATA CAMPIONA**

2ª) **Manteiga Xacobeo Clementina** (Manteiga - Vila de Cruces - PO)

**Xata Subcampiona**

## Xatas de 14 a 16 meses

1ª) **Flora Xacobeo Chanel** (Flora - Valdes - Asturias)

## Xovenças de 17 a 19 meses

1ª) **Rey 547 Sonrrisa Sid** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

**Xovenca Subcampiona**

## Xovenças de 20 a 26 meses

1ª) **Pozosaa Denzel 1640 Antia** (Poza - Lugo)

**XOVENCA CAMPIONA**

**GRAN CAMPIONA DE XOVENÇAS**

## Vacas en Lactación ata 26 meses

1ª) **Nodi Brandy Xistra** (Nodi - Barreiros)

## Vacas en Lactación de 27 a 30 meses

1ª) **Rego Xacobeo Xena 8888** (Rego - Lánçara)

**Vaca Nova Subcampiona**

## Vacas en lactación de 31 a 35 meses

1ª) **Pozosaa Goldwyn 9545 Sonia** (Poza - Lugo)

**VACA NOVA CAMPIONA**

**GRAN CAMPIONA DE VACAS**

## Vacas intermedias de 3 anos

1ª) **Pozosaa Goldwyn 6821 Rula** (Poza - Lugo)

**VACA INTERMEDIA CAMPIONA**

## Vacas intermedias de 4 anos

1ª) **Cesares Boeza Dancer** (Cesares - Lousame - CO)

**Vaca Intermedia Subcampiona**

## Vacas en lactación de 5 anos

1ª) **Rey 454 Rosita Goldwyn** (Rei de Miñotelo - A Pastoriza)

**VACA ADULTA CAMPIONA**

2ª) **Capon-holstein Goldwyn Marisa** (Capón - Chantada)

**Vaca Adulta Subcampiona**

## Mellor Criador

1º) **POZO** - Lugo

2º) **REI DE MIÑOTELO** - A Pastoriza

## Mellor Rabaño

1º) **POZO** - Lugo

2º) **REI DE MIÑOTELO** - A Pastoriza



Pozosaa Denzel 1640 Antia



Pozosaa Goldwyn 9545 Sonia



# Que é a selección xenómica e como facer mellor uso dela para mellorar a nosa gandería?

Sen lugar a dúbida a selección xenómica revolucionou os programas de mellora xenética en vacuno de leite de todo o mundo nos últimos anos. Traducindo as palabras dun dos pais da selección xenómica, "a xenómica veu para abrir esa caixa negra que chamamos xenética e descubrir o que hai realmente dentro".

Ata o de agora falamos de superioridade xenética, pero non explicamos de que se trata. Que é o que fai que un animal sexa xeneticamente máis produtivo, ou máis funcional ou máis resistente a desenvolver enfermidades. Respostas a estas e outras preguntas van ser sinxelas de explicar grazas á xenómica nos próximos anos.

Polo momento os esforzos centráronse en predecir o valor xenético dun animal no momento do seu nacemento cunha fiabilidade aceptable, usando información do seu ADN. A dispoñibilidade de chips de alta densidade e de técnicas moi sinxelas de xenotipado masivo permitiron recompilar información sobre miles de marcadores de polimorfismos dun só nucleótido (SNPs), que son cambios na base de cada nucleótido e que están relacionados de forma directa con variacións no mérito xenético dos animais e que se transmiten aos seus descendentes.

Coas primeiras avaliacións xenómicas creouse unha grande expectativa sobre a saída ao mercado dos chamados "tours xenómicos". Pero froito desa grande expectativa, e dunha desinformación que puido confundir a algúns, chegou a desilusión e non tardaron moito en escoitarse sons de descrédito e de medo do novo mundo da xenómica. Moitos comezaron a ver algo que non encaixa con esos valores xenómicos tan altos. Pero como calquera comezo, tivo que ser seguido con axustes para enderezar o rumbo. Actualmente asistimos ao nacemento da terceira xeración de animais xenómicos, e en termos medios os resultados confirman as predicións.

Sen embargo, aínda se fan moitas preguntas no mundo gandeiro: de onde saen estes índices chamados valores xenómicos?; Como se calculan?; Ata onde podo fiarme dunha proba dun touro xenómico?; ¿Cómo hai que utilizar as probas xenómicas?; Que vai aportar a xenómica ao noso programa de mellora xenética? ¿Debería xenotipar as miñas xovencas para seleccionar mellor a nova xeneración de vacas?


Para responder a estas preguntas e entender mellor as implicacións do uso da xenómica no noso programa de mellora xenética e o que supón para todos entrar na era xenómica, neste artigo vaise intentar explicar que é a selección xenómica, en que consiste, e como hai que utilizala para sacarlle o mellor partido para mellorar o nivel xenético dos nosos animais.



Nouredine Charfeddine  
Dpto. Técnico CONAFE

## Que é a selección xenómica e como se calculan os índices xenómicos?

A selección xenómica como o seu nome indica usa a información sobre o xenoma dos animais para predecir o seu mérito xenético e polo tanto seleccionar os mellores animais. Sendo o xenoma a combinación de xenes que leva cada animal no seu ADN e que lle fai que sexa distinto de outro. O xenoma bovino contén 30 pares de cromosomas recibidos respectivamente do seu pai e da súa nai, que acollen a máis de 22.000 xenes, cuxa identidade polo xeral se descoñece, aínda que se intúe a súa ubicación, estimando o efecto dos SNPs.



Un SNP (que vén da terminoloxía en inglés Single Nucleotide Polymorphism) é unha variación que afecta á secuencia de bases dos nucleótidos que forman o ADN (Gráfica 1). Moitos destes SNP's están situados en zonas do xenoma onde están ubicados xenes asociados a rasgos de importancia económica e por tanto poden ser utilizados como marcadores para detectar a presenza de ditos xenes. Para isto, é necesario analizar o xenotipo e medir o trazo en cuestión sobre unha poboación de animais para determinar os efectos de cada SNP, chamada poboación de referencia. Na maioría dos países, só inclúen machos na poboación de referencia pero non se descarta incluír femias no futuro. Cantos máis animais haxa na poboación de referencia, máis exactas son as ecuacións de predición, e polo tanto máis fiables son os valores xenómicos predécidos con elas. Por isto, hai moitos movementos de colaboración para intercambiar xenotipos e/ou de unión entre países para formar a poboación de referencia máis ampla posible. Unha vez estimados os efectos dos SNPs vaise sumando o efecto de cada un para calcular o Valor Xenómico de cada animal.



Os índices xenómicos que se publican adoitan ser unha combinación do Valor Xenómico Directo co índice de pedigree ou o índice xenético tradicional.

A gran vantaxe que achega a selección xenómica con respecto á selección tradicional é o feito de poder estimar valores xenómicos dun carácter determinado e con bastante fiabilidade, sobre animais cuxo xenotipo foi analizado, pero nin eles directamente, nin a través da súa descendencia, contan con observacións reais de dito carácter.

### Son fiables os índices xenómicos?

Moitos pregúntanse ata que punto son fiables os índices xenómicos. A resposta é moi sinxela. Unha fiabilidade do 70% indica que temos unha fiabilidade equivalente a unha proba de descendencia dun animal con máis ou menos entre 10 e 20 fillas, se estamos falando sobre un carácter como a produción de leite. Antes utilizabamos touros en proba cun índice de pedigree que sabemos que ten unha fiabilidade media do 35%. Agora, aparte desa información que nos achega o valor xenético dos pais, engadimos outra información obtida do propio animal, que o diferencia dos seus irmáns completos, e danos un indicador de como foi agraciado dito animal con respecto aos seus irmáns á hora de herdar unha parte ou outra do xenoma dos seus pais. Pero non deixa de ser unha proba que podemos catalogar aínda como proba de baixa fiabilidade. De media, a xenómica fai máis cribles os índices xenéticos dos animais novos, porque están máis correlacionados cos seus méritos verdadeiros que os índices de pedigree. Pero eso non impide que un animal en concreto, o seu valor xenómico sexa moi distinto ao da súa proba por descendencia, por eso falamos de fiabilidade do 70% e non unha fiabilidade ao 100%.

Para reducir o risco nunca hai que utilizar de forma masiva un touro xenómico. O ideal é elixir un grupo de touros xenómicos acorde ao tamaño da nosa explotación. Por exemplo, nunha gandería de 100 vacas, podemos elixir un grupo de 5 touros.

A fiabilidade que se consegue cos 5 touros xenómicos é equivalente á fiabilidade dun touro probado co 94% de fiabilidade:

$$\text{Fiabilidade} = \frac{100 - \text{fiabilidade cada uno}}{\text{Grupo} = 100} = 100 - \frac{100 - 70}{5} = 94\%$$

Canto máis grande é o grupo, máis se diversifica o risco e polo tanto aumenta a fiabilidade.

### Debo seguir utilizando touros probados?

Á pregunta de se imos seguir utilizando touros probados a partir dos datos das súas fillas, a resposta é rotundamente que si. O valor xenómico directo predice o mérito xenético cunha certa fiabilidade que se irá matizando a medida que o animal vaia tendo fillas, e a información desas fillas se vaia in-

corporando á avaliación xenética de dito animal. Un animal con proba calculada a partir dos datos das súas fillas e cunha fiabilidade superior ao 85% é un valor seguro no que o noso risco é mínimo, e temos que seguir inseminando unha parte das nosas vacas con touros deste tipo, igual algo menos que antes. Pero a nosa esixencia con estes animais debe ser maior. Non esquezamos que son animais relativamente maiores e polo tanto é unha xenética antiga, se imos gastar en comprar seme de touros probados deben ser realmente animais de elite que pertencen a un percentil moi alto. Que mereza a pena gastar o diñeiro desembolsado pola seguridade que nos achegue.

Esta información témola que ter presente cando compramos seme de touros con proba xenómica. É evidente, que o prezo vai ser algo máis caro que o tradicional touro en proba, pero en ningún momento hai que pagar por un touro xenómico un prezo comparable ao dun touro probado. É importante tamén diversificar, nunca utilizar un touro con proba xenómica de forma masiva nunha gandería, por moi boa que sexa a súa proba xenómica.

### A xenómica é só tema de machos ou tamén temos que xenotipar as femias?

A avaliación xenómica, non só achega información sobre o mérito xenético dos machos a unha idade temperá cunha fiabilidade interesante, senon tamén, permítenos ter o valor xenómico das femias xenotipadas, cunha fiabilidade equivalente á dos machos nada máis nacer. Dito valor supera claramente a fiabilidade do índice de pedigree das xovencas utilizado ata agora. A proba xenómica das vacas segue sendo máis informativa, aínda que a vaca xa tivera a súa primeira lactación. Hai países, como é o caso de Canadá, que ten implementado o xenotipado masivo das femias co chip de baixa densidade, unha opción menos custosa que o xenotipado estándar a 50k, pero co proceso de imputación permite ter un índice xenómico para as xovencas a unha idade moi temperá, sen perder moita precisión.

O xenotipado de femias é unha ferramenta moi útil e que vai dar moito que falar no futuro. Por motivo de custos, é comprensible que cada gandeiro busque unha estratexia propia á hora de definir que femias hai que xenotipar, aínda que o ideal é xenotipar todas as femias recén nadas. Dependendo das súas necesidades e da situación da súa gandería pode xenotipar só determinadas femias. Por exemplo, pode xenotipar as mellores xovencas para optimizar o seu acoplamento e obter a mellor descendencia posible, ou xenotipar aquelas femias que vai vender para dotalas de maior valor engadido, ou polo contrario pode xenotipar as que cree que teñen potencial xenético inferior, así pode decidir con un bo criterio cales debe eliminar ou vender para mellorar o nivel xenético medio do seu rabaño.



Fotografía Frisona Española

## ESPAÑA, mellor grupo Holstein de Europa

### Confrontación Europea da Frisona 2013

Friburgo – Suiza, 2 de Marzo

O pasado 2 de Marzo e na cidade suíza de Friburgo, a raza frisona española fixo historia ó proclamarse país vencedor na competición de grupos por países da 11ª edición da Confrontación Europea da Raza Frisona. Un gran éxito que foi posible gracias á colaboración das ganderías cántabras Cudaña, La Flor y Llera Her, a asturiana Badiola e a leridana Ponderosa Holsteins, que prestaron os seus animais.

Antes de ser elixido mellor país, a delegación de CONAFE tuvo que enfrentarse nas seccións individuais coas vacas representantes doutros trece países. Tamén nas categorías conseguimos premios destacados como o de Vaca Intermedia Campiona con **Huddlesford Duplex Medora** da gandería Ponderosa Holsteins, Vaca Adulta Campiona Reserva, con **Ashlynvray Goldwyn**, tamén de Ponderosa Holsteins e **Llera Ariel Goldwyn ET** da gandería Llera Her, elixida primeira da sección 8ª de Vacas Adultas.

Para redondear este extraordinario resultado, Alberto Llera, un xoven de Cantabria, conseguiu o título de Campión Reserva Junior, no Concurso de Manexadores.

Dende estas páxinas, os criadores de Galicia queremos transmitir a nosa noraboa, felicitación e recoñecemento a todo o equipo de gandeiros, coidadores, manexadores e técnicos que fixeron posible este éxito da gandería española.

## Compra conxunta de doses seminais

Despois da avaliación das ofertas presentadas polas diferentes casas comerciais, e tendo en conta as necesidades da Cabana Frisona Galega. A Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou os touros que, en base ás mesmas, considerou máis axeitados para acadar os obxetivos de Mellora perseguidos.

Xunto coas doses de touros probados mercados, entregáronse 58.164 doses dos touros que se porán en proba durante 2013.

Solicitudes presentadas 3.592.

### Touros probados

TOURO	DOSES
BETANZOS	9.351
BOER	1.528
CANCALLARA	3.487
CORTOBE	3.476
DELETE	17.880
DUNO	6.748
EL SAR	5.575
GOSPELL	10.008
LASSON	4.295
LAUTAMIC	24.799
ONCE	2.698
STOP	25.963
TORREL	47.823
XACOBEO	17.607
	<b>181.238</b>

### Touros extranxeiros

TOURO	DOSES
ARTES	3.300
BRAWLER	4.151
HILL	1.606
LAUTHORITY	1.543
MASCALESE	6.254
NIAGARA	1.350
SUPER	1.586
	<b>19.790</b>

## axenda 2013

4 Maio	POXA DE GANDO FRIÓN EN GANDERÍA OUTEIRO - Chantada - Lugo
1 / 2 Xuño	CONCURSO FRISÓN FEIRADEZA '13 – Lalín – Pontevedra
8 Xuño	POXA DE GANDO FRISÓN EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Castro de Rei - Lugo
13 / 16 Xuño	XXXII CONCURSO INTERNACIONAL SEMANA VERDE '13 - Silleda - Pontevedra
	XXII CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '13
	I SUBASTA TOP GENETIC'S
	XXIX CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES "MEMORIAL LUIS LOUZAO"
	VI CONCURSO DE PREPARADORES DE GANDO
27 / 29 Setembro	XXIX CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '13 - Gijón - Asturias
9 Novembro	POXA DE GANDO FRISÓN EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
1 Decembro	VII POXA DE XOVENCAS DE RAZA FRISONA MAZARICOS '13 - A Coruña





# 8ª Escuela de Preparadores Conafe 2013

Precio de Inscripción  
**300 €**



I.E.S. de Luces, Colunga  
(Asturias) 1 - 5 de julio

Inscripciones en CONAFE: 91 895 24 12/62/68 • [conafe@conafe.com](mailto:conafe@conafe.com)



Colaboran:



GRANJA ESCUELA  
DE LUCES

Servicio de  
Podología PURA



Patrocina:





# TORREL

ESPM2702905586

BOLTON x ALLEN x DURHAM



XENÉTICA FONTAO

Nº 1  
ICO



Chinelo TORREL 8463 BB-83 SM-86

- Bolton x Allen x Gillette-I Durham Jericho EX-90 CAN 15\*
- Forte potencial leiteiro e unha profunda familia de vacas, a combinación ideal
- Vacas con boas estruturas, patas excelentes e moi bos ubres
- O mellor de todos os touros (nacionais ou estranxeiros) con proba española